

# REGULAMENTO DISCIPLINARIO

## Artigo 16. Réxime Disciplinario

1. A organización de actividades deportivas por parte da Xunta Directiva conleva establecer as sancións económicas para cada actividade, xunto cas bases da mesma, a excepción das actividades do punto seguinte.
2. Para os partidos de fútbol, fútbol sala e fútbol praia, as sancións económicas serán as seguintes:
  - **Amoestación:** 1 euros
  - **Amoestación por protestar:** 5 euros
  - **Expulsión por dobre cartón:** 3 euros
  - **Expulsión por evitar ocasión de gol:** 1 euros
  - **Expulsión por conduta violenta, linguaxe ou xestos ofensivos, groseiros u obscenos:** De 20 a 100 euros. *(Neste caso abrírase expediente disciplinario podendo chegar á expulsión do infractor como socio)*
3. Con carácter xeral estipúlanse as seguintes sancións económicas para os socios:
  - **Inscribirse nunha actividade e non asistir á mesma sen notificalo segundo o método acordado de inscrición e cunha antelación mínima de 48 horas:** De 5 a 30 euros.
  - **Chegar con retraso as actividades convocadas pola Agrupación:** De 3 a 30 euros.
  - **Menosprezar a Xunta Directiva, Socios ou Autoridades en actos públicos:** De 15 a 100 euros. *(Neste caso procederase a expulsión do infractor como socio se é reincidente).*
  - **Non coidar/devolver o material deportivo facilitado pola Agrupación en bo estado nas actividades organizadas:** De 5 a 30 euros. *(Neste caso o socio terá que substituír o material deportivo danado por un novo).*

## **Procedemento disciplinario**

**Artigo 17. Necesidade de Expediente.** Unicamente se poderán impoñer sancións disciplinarias en virtude do expediente instruído conforme ás normas reguladas neste capítulo.

O procedemento iniciárase de oficio por resolución da Xunta Directiva ou por denuncia dos asociados dirixida ao Presidente da Agrupación Deportiva O Silbato por escrito e razoada.

### **Artigo 18. Procedemento Ordinario:**

a).- Unha vez recibido o expediente por parte da Xunta Directiva, nomearase de entre os seus membros a un instrutor, o cal notificará no prazo máis breve posible do contido do expediente ao club ou persoa interesada, dando un prazo de cinco días hábiles, non contándose como hábiles, sábados, domingos e festivos, para contestar por escrito con toda aquela proba documental que se dispoña xustificativa das súas pretensións.

b).- Na devandita contestación haberá tamén de referenciarse a proposición e práctica de toda aquela proba distinta á documental, enténdase, testifical, pericial, acareo, etc.

c).- Os feitos relevantes para o expediente poderán acreditarse por calquera medio de proba, en calquera momento, antes do día sinalado para a práctica desta.

d).- Unha vez que o Instrutor teña a denuncia e oposición e/ou contestación a esta, sinalará día e hora no prazo máis breve posible co fin de practicarse a proba antedita, en caso de que deba practicarse proba algunha.

e).- Unha vez finalizado o prazo probatorio, o Instrutor elaborará un informe de conclusións que xunto con todo o actuado entregárase aos membros da Xunta Directiva que realizarán por escrito a proposta sancionadora ou no seu caso o arquivo desta.

f).- Da devandita proposta darase traslado ó Presidente que de forma razoada e por escrito resolverán sobre o devandito expediente.

## **Artigo 19. Recurso**

As resolucións dos expedientes sancionadores poderán ser recorridas no prazo de tres días hábiles, mediante escrito razoado e fundamentado ante a Comisión Permanente que resolverá no prazo de cinco días. Co recurso poderase presentar toda aquela proba que se demostre non a ter podido presentar en primeira instancia.

## **Artigo 20. Disposicións comúns**

1).- Toda notificación, providencia ou resolución derivada do procedemento sancionador deberá ser realizada por calquera medio que deixe constancia da súa recepción e, en especial do día no que se produciu esta para os efectos do computo dos prazos previstos neste Regulamento. Para tal efecto considéranse medios válidos e, polo tanto, admisibles para proceder a realizar as notificacións, o correo postal con notificación de recibo, o burofax, o telegrama e o fax. De igual forma poderanse realizar notificacións aos interesados mediante a entrega persoal que deixe constancia da súa recepción.

2).- As resolucións, que deberán ser motivadas, han de conter o texto integro, coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan así como o órgano ante o que houberen de presentarse e o prazo para interpoñelas.

# **REGULAMENTO PREMIOS E DISTINCIÓNS**

**Artigo 17. Premios e Distincións.** Establecese de forma única e excluínte as seguintes distincións e premios:

1. **Premiarase a todos aqueles socios que conseguiran o ascenso de categoría ou se incorporaron o corpo de árbitros asistentes ou informadores.** (*Requisito mínimo de 12 meses de antigüidade como socio da Agrupación*).
2. **Premiarase a todos aqueles socios que se retiraron da arbitrase en activo sen recibir ningún tipo de homenaxe por tal motivo.** (*Requisito mínimo de 3 anos de antigüidade como socio da Agrupación*).
3. A Xunta Directiva, de maneira circunstancial e debidamente xustificada, podrá ponderar, ampliar ou reducir a concesión de premios e distincións.
4. Insignia de ouro ó socio que acade unha antigüidade de 20 anos.

## DISPOSICION DERROGATORIA ÚNICA

O presente Regulamento derroga aquelas outras disposicións ou normativas que, versando sobre estes contidos, puidesen resultar de aplicación ata a data. En todo o non previsto neste Regulamento se estará ao que dispoñan as leis que regulen o ordenamento xurídico español.

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente na  
Coruña, a 13 de agosto de 2013.

Vº pº  
DO PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Noel Blanco Rodríguez

Asdo. Alejandro Del Río Amor

